

ASISTENTES

Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Cuevas Alonso, Miguel
García González, Silvia
Villanueva Villar, Mónica
Currás Valle Maria, Consuelo
Pereira Lorenzo, Nemesio
Soto González, María Mercedes
Davila Segade, Ruth
Alberte Pivida, Rodrigo

Acta da sesión extraordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do luns, **27 de marzo de 2023**, ás 11:45 h en primeira convocatoria e ás 12:00 en segunda convocatoria, por correo electrónico
O día **27 de marzo de 2023** ás 12:00 h., en segunda convocatoria, deu comezo a sesión extraordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, presidida polo reitor, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde día:

Punto único: Decisión sobre recursos presentados ante a Comisión Electoral e toma dos acordos que procedan.

Ás 08:30 do luns, 27 de marzo, remitiuse aos correos electrónicos dos membros da comisión o seguinte texto, desde o correo electrónico do secretario da comisión (michinel@uvigo.es).

“Prezado membro da comisión electoral,

Achégase convocatoria de sesión extraordinaria da comisión electoral (Documento 1) que se celebrará por correo electrónico, segundo permiten tanto o artigo 17.1º.2 da Ley 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, como o artigo 12.2º do Regulamento Electoral Xeral (REX), e que se desenvolverá consonte o seguinte procedemento:

A sesión comezará ás 12:00 h. de hoxe luns, 27 de marzo de 2023, tras verificar que concorre o quórum necesario, mediante a confirmación de lectura do presente correo, polo que prégase ás persoas que desexen participar na sesión que pulsen en “envío de confirmación”. En todo caso, computarán así mesmo para o quórum os votos recibidos segundo se expresa a continuación.

A partir das 12:00 h. e ata ás 14:00 h., de hoxe luns, 27 de marzo, as persoas que así o desexen poderán votar a proposta obxecto desta xuntanza (indicada abaixo), ben de xeito afirmativo (SÍ) ou negativo (NON), dirixindo un correo de resposta á dirección oficial do secretario da Comisión (michinel@uvigo.es), ben absténdose de votar. Entenderase así mesmo como “abstención” a dos membros que, tendo pulsado en “envío de confirmación”, non respondan posteriormente ao presente correo (agás que decidan manifestar expresamente a súa abstención contestando, o que tamén poden facer).

A partir das 14:00 h., o secretario da Comisión recontará os votos recibidos e remitirá o resultado aos membros, pechando a sesión. Ese resultado, xunto co presente correo, constituirá a acta da sesión. Asemade, se algún membro desexara

xustificar o sentido do seu voto ou facer constar calquera cuestión, exclusivamente en relación co punto obxecto da sesión, poderá acompañar a correspondente declaración, que será incluída na acta.

A convocatoria desta sesión (Documento 1) acompáñase dos seguintes documentos:

- *Documento 2: autorización do secretario xeral, por delegación da Comisión Electoral, a petición do presidente da Xunta Electoral do Departamento de Dereito Público Especial, permitindo modificar o calendario electoral nas eleccións a representantes no Consello do dito Departamento.*
- *Documento 3: recursos recibidos contra o acordo da dita Xunta Electoral que motivou esa petición de modificación do calendario electoral.*

No documento 2, autorízase, certamente, a modificación do calendario electoral anterior, previa petición do presidente da Xunta Electoral do Departamento de Dereito Público Especial, autorizando nova data de votación, pero condicionada á eventual presentación de recursos fronte o acordo da dita Xunta, indicándose que “os acordos das xuntas electorais de centros e departamentos poden ser obxecto de recurso (DA 3 REX) ante a comisión electoral, polo que ésta podería, ante a eventual presentación dun recurso e en tanto fose necesario para decidir sobre él, suspender o calendario modificado”.

Ao terse presentado tres recursos, básicamente coincidentes, onde se alega a falta de motivación do acordo da dita Xunta Electoral -o que podería conducir á anulación do mesmo, de ser apreciada- o presidente da Comisión Electoral fai a seguinte proposta:

PROPOSTA:

Delegar no secretario xeral para que eleve á Asesoría Xurídica as consultas que estime pertinentes sobre o asunto, suspendendo o calendario electoral modificado.

- ***VOTO SÍ Á PROPOSTA DA PRESIDENCIA***
- ***VOTO NON Á PROPOSTA DA PRESIDENCIA***
- ***ABSTÉÑOME DE VOTAR A PROPOSTA***

O mesmo luns 27, ás 12:00 h., remitiuse aos correos electrónicos dos membros da comisión o seguinte texto, desde o correo electrónico do secretario da comisión (michinel@uvigo.es)

“Prezado membro da comisión,

Acadado o quórum en segunda convocatoria, comeza ata as 14:00 h de hoxe luns 27 a votación da proposta formulada no anterior correo electrónico, remitido hoxe ás

8:30 desde o correo electrónico do secretario da comisión (michinel@uvigo.es).
Para votar, enviarase resposta á dita dirección de e-mail.

PROPOSTA:

Delegar no secretario xeral para que eleve á Asesoría Xurídica as consultas que estime pertinentes sobre o asunto a tratar na orde do día, suspendendo o calendario electoral modificado ao que se refire o Documento 2.

PROCEDE:

- Votar *SÍ* á proposta da Presidencia da Comisión Electoral, ou ben
- Votar *NON* á proposta, ou ben
- *ABSTERSE* de votar a proposta, ben expresamente, ben non enviando resposta algunha”.

Non se recibiron peticións de aclaración dos membros da Comisión Electoral sobre o procedemento para desenvolver a sesión nin sobre o obxecto da orde do día a tratar.

RESULTADO DA VOTACIÓN:

- Persoas asistentes (as que confirmaron lectura máis as que votaron): 10
- Votos favorables: 10
- Votos desfavorables: 0
- Abstencións (expresas ou tácitas): 0.

Apróbase a proposta

Como resultado, acórdase: suspender a modificación do calendario autorizada pola Secretaría Xeral previa petición formulada polo presidente da Xunta Electoral do Departamento de Dereito Público Especial e elevar as consultas pertinentes sobre os resultados das eleccións a representantes do PDI-B/outro PDI no dito Departamento á Asesoría Xurídica, aplazando así a decisión sobre os recursos presentados.

O que será comunicado desde a Secretaría Xeral ás persoas interesadas a todos os efectos.

Sen mais puntos que tratar, remata a sesión ás 14:05 h., do que eu, como secretario da comisión, dou fe.

O presidente da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral